

Gottfried W. Leibniz (Leipzig, 1646-Hannover, 1716)



Filósofo, matemático, xurista, bibliotecario e político alemán.

Introduciu varias notacións usadas aínda na actualidade como, por exemplo, o signo «integral», \int , que representa un S alargado, derivado do latín *summa* e a letra «d» para referirse aos «diferenciais», do latín *differentia*. Esta enxeñosa e práctica notación para o cálculo é probablemente o seu legado matemático máis perdurable.

Leibniz non publicou nada sobre o seu «cálculo» ata 1684. A regra do produto do cálculo diferencial é aínda hoxe denominada «regra de Leibniz para a derivación dun produto».

O teorema que indica cando e como diferenciar baixo o símbolo integral, chámase a «regra de Leibniz para a derivación dunha integral».